



XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR, S.A.

CONVOCATORIA XUNTA XERAL ORDINARIA

O Consello de Administración de Xestión do solo de Galicia- Xestur, S.A., na súa reunión do 12 de novembro de 2020, acordou convocala Xunta Xeral extraordinaria de accionistas, que se celebrará no domicilio social da sociedade (Área Central, local 25Z-1º andar, Polígono Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela), o **28 de decembro 2020, ás 11.00 horas en primeira convocatoria** ou, de non alcanzarse o *quorum* necesario, o día **29 de decembro de 2020, no mesmo lugar e hora, en segunda convocatoria.**

A Xunta Xeral de Accionistas convócase ao obxecto de deliberar e resolver acerca dos asuntos comprendidos na seguinte:

ORDE DO DIA

1. Aprobación, se procedera, da compensación de perdas correspondentes á anualidade 2019, a través da prima de emisión, reducindo, asemade, o capital social coa mesma finalidade.
2. Nomeamento, se procedera, do Auditor de Contas da sociedade.
3. Renovación, se procedera, do cargo de administrador-persoa xurídica, que ostenta o IGVS no Consello de Administración, por ter caducado o mesmo.
4. Rogos e preguntas
5. Formalización e execución de acordos
6. Aprobación da acta da Xunta

De conformidade co artigo 197 do Real Decreto Legislativo 1/2010, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital (LSC), os accionistas poderán solicitar dos Administradores, acerca dos asuntos comprendidos na orde do día, as informacións ou aclaracións que estimen precisas, ou formular por escrito as preguntas que estimen pertinentes, ata o sétimo día anterior ao previsto para a celebración da Xunta. Así mesmo, conforme ao artigos 272 e 287 da LSC, calquera socio poderá obter da sociedade, de xeito gratuito, os documentos que deben ser sometidos á aprobación da mesma.

En Santiago de Compostela a 27 de novembro de 2020.

O Secretario do Consello de Administración.

Ángel Rodríguez González